

Nick (Usuario): _____ Data: _____

O CLIMA. CLIMAS DE ESPAÑA E GALICIA

A ciencia que estuda a atmosfera e os fenómenos que se producen na mesma chámase...

Escribe V (Verdadeiro) ou F (Falso)

A atmosfera é a capa da Terra que a rodea. ☐

A atmosfera atópase en estado líquido. ☐

A troposfera é a capa máis externa da atmosfera. ☐

O gas ozono está na estratosfera. ☐

A exosfera comeza ao final da termosfera e esténdese ata o espazo exterior. ☐

A atmosfera realiza a función de regular a temperatura terrestre. ☐

Na troposfera é onde se producen a maioría dos fenómenos meteorolóxicos. ☐

En total, as capas de atmosfera son seis. ☐

Arrastra ao seu lugar.

Clima

Factores climáticos

Elementos do clima

Tempo atmosférico

* Estado da atmosfera nun lugar determinado, nun momento ou en períodos de tempo moi curtos (horas, días ou poucas semanas).

* Temperatura, precipitacións, humidade, vento e presión atmosférica.

* Latitude, altitude, distancia ao mar e relevo.

* Tempo que predomina nun lugar determinado ao longo de moitos anos, durante as diferentes estacións.

Di como se chama...

... a cantidade de enerxía calorífica que se atopa no aire.

... a cantidade de vapor de auga que se atopa no aire.

... o peso da columna de aire enriba dun punto determinado.

... o aire en movemento.

... a cantidade de chuvia, neve ou sarabia que cae nunha zona.

Completa. Medimos...

...a temperatura co

...a presión atmosférica co

...as precipitacións co

...a dirección do vento co

...a humidade co

...a velocidade do vento co

Relaciona cada fenómeno meteorológico coa súa unidade de medida.

Precipitacións	Graos centígrados (°C)
Velocidade do vento	Litros por metro cadrado (l/m ²)
Presión atmosférica	Tanto por cen (%)
Temperatura	Kilómetros por hora (Km/h)
Humidade	Bares

Sinala a opción correcta.

Esta zona climática localízase entre os Trópicos de Cáncer e de Capricornio.

Zona de clima cálido Zona de clima temperado Zona de clima frío

Os climas *polar* e *de alta montaña* son propios desta zona climática.

Zona de clima cálido Zona de clima temperado Zona de clima frío

Nesta zona climática distínguense claramente as estacións.

Zona de clima cálido Zona de clima temperado Zona de clima frío

Os climas *ecuatorial*, *desértico* e *tropical* son propios desta zona climática.

Zona de clima cálido Zona de clima temperado Zona de clima frío

Di a que tipo de clima corresponden estes datos:

É característico das zonas bañadas polo mar Mediterráneo.

É o clima propio do interior dos continentes en latitudes medias.

Os monzóns son característicos deste tipo de clima.

É o clima característico dos círculos polares.

É o clima típico do Norte de Europa.

Este clima localízase no norte e sur dos Trópicos.

É o clima característico de Galicia.

É o clima da selva amazónica e de África central.

Di como se chama.

O fenómeno polo que determinados gases da atmosfera reteñen unha parte da enerxía que o solo reflicte ao ser quentado pola luz solar.

Un gráfico no que se representan as temperaturas medias e as precipitacións de cada mes, ao longo dun ano e nun lugar concreto.

Na actualidade, a emisión artificial de determinados gases á atmosfera está a prexudicar ao noso planeta e favorecendo o...

Para intentar loitar contra o quecemento global e reducir os seus efectos, o 11 de decembro de 1997 asinouse o....

Completa.

Con respecto ao clima, España está situada na zona _____ do hemisferio _____.

Como se chama?

- * O clima propio da submeseta norte e da depresión do Ebro.
- * O clima propio das provincias de Alacante, Murcia e Almería.
- * O clima característico do norte da península (Galicia, Asturias...)
- * O clima característico das Illas Canarias.
- * O clima típico das rexións próximas ao mar Mediterráneo.
- * O clima típico das zonas máis elevadas dos sistemas montañosos.
- * O clima no que as diferenzas de temperatura son extremas e as precipitacións escasas e irregulares (no inverno soen ser en forma de neve).
- * O clima no que as temperaturas son altas (invernos temperados e suaves e veráns calorosos) e as precipitacións escasas e irregulares.
- * O clima no que as temperaturas son suaves (veráns frescos e invernos temperados), as precipitacións abundantes e regulares e as paisaxes verdes.
- * O clima no que as temperaturas son baixas no inverno e frescas no verán e as precipitacións son habituais todo o ano (no inverno, en forma de neve).
- * O clima no que as temperaturas son altas durante todo o ano, con pouca diferenza entre as estacións, e as precipitacións escasas.
- * O clima no que as temperaturas son moi elevadas (máis que no resto das zonas de clima mediterráneo) e as precipitacións moi escasas.

Escolle.

* Como se chama o fenómeno meteorolóxico que produce chuvias torrenciais na costa mediterránea durante os meses do outono? (Máis dunha opción correcta)

gota quente ☐ gota fría ☐ DINA (ou DANA) ☐ sarabia ☐ diluvio ☐

* De que clima é típico este fenómeno?

oceánico ☐ tropical ☐ mediterráneo ☐ continental ☐ ecuatorial ☐

* O clima de Galicia caracterízase por ter unhas temperaturas suaves todo o ano e precipitacións abundantes que diminúen no verán.

Verdadeiro

Falso

Con respecto ao clima de Galicia, di como se chama...

...o clima propio da costa de Galicia.

...o clima característico das chairas do interior.

...o clima que se dá nos vales do río Miño e do río Sil.

...o clima característico das serras galegas.

Arrastra cada clima de España ao seu lugar

Continental


De montaña

Mediterráneo

Oceánico

Semidesértico

Subtropical



Arrastra cada clima de Galicia ao seu lugar.

